

**Praza número: 25/27009**

**Número de prazas: 1**

**Categoría: Profesor/a Asociado/a**

**Dedicación: Parcial P04**

**Área de coñecemento: Comunicación Audiovisual e Publicidade**

**Departamento: Socioloxía e Ciencias da Comunicación**

**Docencia: 616G01046 Publicacións Dixitais**

**771G01037 Tecnoloxías da Información e a Comunicación II**

**4529012 Deseño de contornas**

**4529014 Deseño de interfaces**

**Centro: Facultade de Ciencias da Comunicación**

Vista a proposta formulada pola comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza indicada do 09.04.2026, e visto así mesmo o acordo adoptado pola Comisión de Reclamacións na súa sesión do 27.04.2026, polo que se ratifica a devandita proposta da comisión de selección.

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 126 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 94/2025, do 6 de outubro (DOG do 27 de outubro), e en aplicación do disposto no apartado 11 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 7 de novembro de 2024, resolve asignar a referida praza ao concursante **D./D<sup>a</sup>. CARLOS PRADO PAMPÍN**.

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso ante a sección social do tribunal da instancia da Coruña de conformidade co establecido no artigo 2.n) da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da Xurisdición Social (BOE núm. 245 do 11.10.2011). Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A vicerreitora de Profesorado por delegación do reitor

(RR 10/07/2024)

María Teresa López Fernández



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

**FAGO CONSTAR:**

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 27 de abril de 2026, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

**Praza: 25/27009**

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Comunicación Audiovisual e Publicidade

Departamento: Socioloxía e Ciencias da Comunicación

Docencia: 616G01046 Publicacións Dixitais; 771G01037 Tecnoloxías da Información e a Comunicación II; 4529012 Deseño de contornas, 4529014 Deseño de interfaces

Centro: Facultade de Ciencias da Comunicación

Tras analizar a documentación da praza 25/27009, a reclamación presentada por D<sup>a</sup>. Taciana Diaz Mariño e o informe da Comisión de selección, a Comisión de reclamacións, na súa reunión de 27 de abril de 2026, acorda:

- desestimar as alegacións realizadas pola reclamante e ratificar a proposta da Comisión de selección
- facer público este acordo

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado  
Teresa López Fernández